



CIVITAS LIMICORUM  
ASOCIACION CULTURAL XINZO DE LIMIA

## BASES

1. Poderá participar toda a poboación, con traballos de formato A3 e técnica libre, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa exposición, ademais de copia en formato dixital (JPEG ou PNG e PDF) con unha resolución de 1890 X 2645.
2. Os deseños deberán reflexar o espírito da “Festa do Esquecemento”, facendo fincapé na reconstrución histórica e a vida do campamento.
3. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da “Festa do Esquecemento” e, os restantes carteis presentados, serán expostos nas redes sociais. O cartel gañador será propiedade da Asociación, que poderá cedelo a terceiros. Os autores/as renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor/a para incluílo no seu currículo.
4. Os participantes deben ter en conta que aparte do deseño do cartel anunciador da “Festa do Esquecemento” tamén terán que, xunto coa organización, realizar o deseño do programa da propia festa.
5. Os traballos deberán ser enviados ó correo electrónico da asociación (civitaslimicorum@hotmail.es), no mesmo correo axuntaranse os datos do/a autor/a, tales como nome, enderezo, e teléfono. Ademais, deberá enviarse unha copia do DNI e copia da declaración xurada que figura no anexo I das bases. A data final para enviar carteis será o día 28 de abril. A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:
  - Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
  - Cando se empreguen datos falsos, ou a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
  - Cando as obras presentadas non se axusten ao tema do concurso.
  - Cando se detecte que algún cartel utiliza imaxes de xeito total ou parcial, das que sexa evidente que non posúe os dereitos de autor.
6. Os carteis obrigatoriamente terán que visualizar o mundo romano e castrexo, deberán incluír o seguinte texto:
  - Festa do Esquecemento XXIII
  - Festa de Interés Turístico Local
  - A data de celebración: 18, 19 e 20 de agosto

- Os logotipos da asociación, concello de xinzo de limia, AEFRH, asociación europea de festas históricas.

A Asociación resérvase a potestade de solicitar algún cambio sobre o cartel gañador de pequenos erros ou falla de algunha información obrigatoria (como pode ser añadir ou retirar logotipos).

7. As obras presentadas serán exhibidas nas redes sociais da Civitas Limicorum, onde se fará unha votación popular da que se seleccionarán as obras que se someterán a votación do xurado.

Unha vez realizada a votación on-line pasarán a elección do xurado. O prazo para a votación on-line estará aberto dende o 1 de maio hasta o 2 de xuño. Unha vez feito o recuento de votos, farase pública a selección a través das redes sociais oficiais.

8. A Asociación Cultural Civitas Limicorum será o xurado, formado por 7 persoas, este xurado pode declarar deserto o premio no caso de que a seu xuicio non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. O Xurado seleccionará a obra gañadora entre as seleccionadas previamente pola votación popular, o día 9 de xuño na Casa da Cultura.
9. O cartel premiado quedará en propiedade e uso exclusivo da Asociación Civitas Limicorum, a/o, as/os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución da obra premiada.
10. Farase oficial o cartel gañador o día 30 de Xuño en redes sociais e páxina web.
11. A/o gañador dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais da Asociación Cultural Civitas Limicorum. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle a Asociación Cultural Civitas Lmicorum, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas o concurso.
12. O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación de estas bases.
13. Establécese un premio o traballo gañador valorado en 300€.
14. Calquera incidencia non contemplada nestas bases, será resolta pola organización.

ANEXO I DECLARACIÓN XURADA  
CONCURSO DO CARTEL PARA A FESTA DO ESQUECEMENTO 2023  
ASOCIACIÓN CULTURAL CIVITAS LIMICORUM

DONA/DON .....  
con DNI ..... como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:  
.....  
.....

DECLARO,

Que o/s cartei/s presentado/s ao concurso son inéditos e da miña autoría.

Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características.

Que son a/o única/o titular dos dereitos de autor do cartel, e fágome responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo a Asociación Cultural Civitas Limicorum de dita responsabilidade.

....., ..... de ..... de 2023

Asdo: